



**PLAN DE TRABALLO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA.
1º PRIMARIA. CURSO 2024-2025
PROFESOR/A: EQUIPO DOCENTE DE 1º NIVEL**

MATERIAIS:

- Biblioteca de centro e de aula.
- Material gráfico diverso (láminas, debuxos, fotografías, murais...)
- Material manipulativo e material fotocopiado.
- Recursos informáticos (xogos interactivos, vídeos...)
- Caderno "Leo e escribo con estilo en Tarrío"
- Caderno de traballo.

PLAN DE TRABALLO:

Os contidos da área de Lingua castelá trabállanse a partir dos materiais indicados, facendo fincapé no inicio e consolidación da lectoescritura e abordando os seguintes bloques:

- Bloque 1. A lingua e os seus falantes.
- Bloque 2. Comunicación oral.
- Bloque 3. Comunicación escrita.
- Bloque 4. Alfabetización mediática e informacional.
- Bloque 5. Educación literaria.
- Bloque 6. Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais.

Comezaremos as sesións con traballo oral e fonético. Faremos faladoiros, xogos lingüísticos, traballo de conciencia fonolóxica...

Traballaremos a partir de textos diversos. Moitas veces virán dados polos proxectos nos que esteamos a investigar nas Ciencias.

Tódolos días contarán con 20 minutos de lectura diaria (PLSS, despois do recreo. Neste tempo teremos tempo a nosa lectura colectiva "o momento do conto" e a lectura individual.

Remataremos as sesións reflexionando sobre o aprendido.



CONTIDOS POR TRIMESTRE:

Os bloques de contidos desta área, citados no apartado anterior, son globais e trabállanse de xeito gradual nos tres trimestres, podendo haber variacións en función do ritmo e necesidades do alumnado.

1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
<ul style="list-style-type: none"> • Comprensión de textos orais. • Exposicións orais e participación nas conversas. • Estratexias comprensión lectora: título e ilustración. • Biblioteca de aula. Funcionamento. • Textos: notas, listas, cartas, contos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Textos orais: mensaxes explícitos e implícitas. • Dramatización textos orais. • Lectura textos moi sinxelos. • Textos: poemas, descricións, noticias, contos. • Ampliación do vocabulario. 	<ul style="list-style-type: none"> • Textos orais: ideas principais. • Creación textos orais. • Lectura en voz alta e coa entoación axeitada. • Creación textos escritos sinxelos. • Regras ortográficas básicas: punto e maiúscula.
CONTIDOS COMÚNS AOS TRES TRIMESTRES		
<p>Adquisición progresiva da lectoescritura.</p> <p>Vocabulario básico e regras de ortografía.</p> <p>Estratexias básicas para a comprensión ou produción de textos sinxelos.</p> <p>Uso da linguaxe non discriminatoria.</p>		



AVALIACIÓN:

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos das áreas e da etapa na avaliación das áreas serán os criterios de avaliación. A avaliación será global, continua e formativa.

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de In (Insuficiente), SUF (Suficiente), BE (Ben), NT (Notable) e SB (Sobresaínte). A estes termos achegarásenos, con carácter informativo, unha cualificación numérica, nunha escala do 1 ao 10.

BLOQUES DE CONTIDO	INSTRUMENTOS AVALIACIÓN
1. Bloque 1. A lingua e os seus falantes. 2. Bloque 2. Comunicación oral. 3. Bloque 3. Comunicación escrita. 4. Bloque 4. Alfabetización mediática e informacional. 5. Bloque 5. Educación literaria. 6. Bloque 6. Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais.	<ul style="list-style-type: none"> • Escala de observación. • Rexistro anecdótico. • Traballo cotiá. • Intercambios orais. • Producións escritas.

